



PROTOCOLO CANAL DENUNCIAS AMICO – Portal Transparencia web

1. O presente Protocolo recolle regras de funcionamento para tramitar e resolver as comunicacións recibidas a través da canle denuncias publicada na web www.amico.es
2. Este Protocolo permite coñecer os pasos que se seguirán en AMICO unha vez se reciba a comunicación, que se tramitará se é que a Xunta Directiva valorase que comporta irregularidades normativas. Só serán tramitadas conforme a este Protocolo as comunicacións de feitos certos ou con indicios de veracidade.

Prohíbese toda denuncia falsa e, si da tramitación resulta que a denuncia é falsa, así constará na acta da/s reunións que aborden as comunicacións.

Toda comunicación recibida por esta canle que non identifique unha irregularidade normativa da entidade, e sexa doutra tipoloxía, non se tramitará conforme a este Protocolo.
3. As irregularidades normativas considéranse susceptibles de tramitación por parte da Xunta Directiva a fin de que se aborde como punto na Orde do día da reunión deste órgano de dirección da entidade.
4. Esta canle é unha ferramenta aberta ao público e na que se permite que a persoa que a utilice non se identifique, motivo polo cal implicará que non se lle manteña informado/a das actuacións realizadas. Nos casos nos que a persoa si se identifique e facilite un teléfono e/ou correo electrónico, terá dereito a ser informado/a do resultado e seguimento da comunicación realizada.
5. En todo caso, a esta ferramenta aplicaráselle os principios de:

- a. Confidencialidade polo que a comunicación só se abordará no seo da Xunta Directiva.
- b. Indemnidade fronte a represalias polo que de coñecerse a identidade da persoa que fai a comunicación non se tomará ningún tipo de represalias motivada coa denuncia.
- c. Garantía das persoas afectadas pola comunicación. Toda persoa sobre a cal existe unha denuncia terá dereito a coñecela, así como se lle dará parte para que alegue o que estime oportuno.

6. Protección de datos de carácter persoal. A canle recolle os datos mínimos precisos para tramitar e analizar a comunicación recibida, sendo obrigatorio só o obxecto da denuncia.

O resto de datos non serán obrigatorios pero permitirán analizar tanto a relación que teña coa asociación que poderá ser laboral, entidade provedora, persoa usuaria ou outros; o teléfono e correo electrónico que permitirán poñernos en contacto con vostede así como datos identificativos que permitirán identificalo.



Ao aceptar o tratamento dos datos persoais que nos achegue mediante este formulario está autorizando expresamente ao tratamento dos datos persoais que nos achegue.

A finalidade é tramitar e abordar a comunicación no seo da Xunta Directiva da entidade. A lexitimación do tratamento é un interese da asociación de evitar e/ou reducir incumprimentos normativos.

O prazo de conservación dos datos persoais facilitados será os necesarios para atender á finalidade perseguida así como atender ás responsabilidades legais da entidade. Poderá exercer os seus dereitos en materia de protección de datos de carácter persoal dirixíndose a AMICO (ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE COMPOSTELA E COMARCA) RÚA MODESTO BROCOS, 7-BLOQUE 3, BAIXOS, 15704 SANTIAGO ou enviando un correo electrónico a info@amico.es.

Protocolo aprobado por Xunta Directiva o mércores 24/01/2024.